



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Lingua Galega 2 | Código | 613G01014 | |
| Titulación | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | López Viñas, Xoán | Correo electrónico | xoan.lopezv@udc.es | |
| Profesorado | Freixeiro Mato, Xose Ramon | Correo electrónico | ramon.freixeiro@udc.es | |
| | López Viñas, Xoán | | xoan.lopezv@udc.es | |
| | Samartin López-Iglesias, Roberto | | roberto.samartin@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo normativo da lingua galega | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| | |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-----|-------------------------------------|----|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Atinxir un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega | A4 | | |
| Ser capaz de elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega | A9 | | |
| Demostrar capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións | A10 | | |
| Conseguir avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada | A11 | | |
| Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica | A15 | | |
| Demostrar coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega | A20 | | |
| Ser capaz de explicar a variación lingüística da lingua galega | A21 | | |
| Coñecer a historia e a cultura da comunidade galega | A18 | B5 | |
| Ser capaz de utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información | | B1 | |
| Adquirir capacidade de autoformación | | B3 | |
| Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno | | B4 | |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas | | B5 | |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva | | B6 | |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico | | B7 | |
| Demostrar que é capaz de se expresar correctamente, tanto de forma oral coma escrita, en galego. | A19 | | C1 |
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse | | B9 | C6 |
| Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. | A14 | | |
| Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios utilizando técnicas de análise textual | A2 | | |
| Ser consciente da utilidade e necesidade da diversidade, atuando eticamente perante ela, con parámetros de xustiza e igualdade | | B8 B10 | |
| Coñecer resultados de investigación e colocalos en relación co desenvolvemento tecnolóxico e avance socioeconómico e cultural da sociedade | | B9 | |

| Contidos |
|----------|
| |



| Temas | Subtemas |
|--|---|
| 1. Norma e calidade lingüística: caracterización do modelo culto da lingua no século XXI | 1.1. A norma, a variación lingüística e a calidade lingüística 1.2. Aspectos ortográficos, ortolóxicos e fónicos 1.3. Aspectos morfosintácticos 1.4. Aspectos léxico-semánticos 1.5. Aspectos pragmáticos |
| 2. A variación lingüística: usos e norma | 2.1. Variación dependente do/a usuario/a: idade e xénero 2.2. Variación dependente do uso: estilo, contexto e rexistro 2.3. Lingua oral e lingua escrita. A lingua literaria como modelo |
| 3. A planificación do status da lingua galega | 3.1. A planificación lingüística e a planificación da lingua galega 3.2. O encadramento legal do galego: evolución histórica e situación actual 3.3. Ámbitos e usos lingüísticos |
| 4. A planificación do corpus da lingua galega | 4.1. O proceso de estandarización do galego. Grupos, institucións e criterios normativos |
| 5. As modalidades do galego | 5.1. A lingua da Galiza e outros modelos do sistema lingüístico galego-portugués 5.2. Galego, portugués, brasileiro. Análise contrastiva 5.3. A variación lingüística na Galiza e na Lusofonía/Galeguía |

| Planificación | | | | |
|---------------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba mixta | A2 A4 A9 A19 | 0 | 6 | 6 |
| Traballos tutelados | A10 A11 A15 A19 B3 B6 B7 B8 | 2 | 20 | 22 |
| Sesión maxistral | A18 A20 B5 C6 | 21 | 10 | 31 |
| Presentación oral | A4 A9 B4 C1 | 2 | 6 | 8 |
| Recensión bilbiográfica | A2 A9 A10 A11 A14 A19 B1 B5 B6 B9 C1 C6 | 1 | 4 | 5 |
| Seminario | A2 A4 A9 A10 A11 A19 A20 A21 B5 B6 B10 | 6 | 12 | 18 |
| Lecturas | A2 A10 A11 A14 B1 B3 B5 B7 C6 | 1 | 12 | 13 |
| Obradoiro | A2 A4 A9 A10 A11 A19 A20 A21 B5 B6 B10 | 4 | 16 | 20 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6 | 2 | 2 | 4 |
| Estudo de casos | A2 A10 A11 A15 A19 B1 B3 B5 B7 B8 B10 | 6 | 16 | 22 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba mixta | Instrumento de avaliación dos contidos focados nas "Sesións maxistras". |
| Traballos tutelados | Actividade integrada no desenvolvemento dos "Seminarios"; destinada a fomentar a aprendizaxe autónoma e colaborativa entre o alumnado. |



| | |
|---------------------------------------|---|
| Sesión maxistral | <p>Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.</p> <p>A avaliación será feita a través dunha "Proba mixta" en que se avaliará a competencia e o desempeño atinxidos en relación a aqueles contidos teóricos expostos polo profesorado durante esas sesións na sala de aulas. Esta proba estará enfocada para a realización de actividades teórico-prácticas e para análises específicas de textos escritos ou de calquera outro material utilizado ao longo das sesións presenciais.</p> |
| Presentación oral | <p>O "Traballo tutelado" será acompañado e presentado oralmente nos "Seminarios" necesario para o efecto.</p> <p>A calidade da lingua utilizada, os recursos e as extratexias expositivas empregados, así como a clareza e disposición dos contidos vehiculados, constitúen os principais elementos a ter en conta polo alumnado neste tipo de actividade.</p> |
| Recensión bibliográfica | <p>Esta metodoloxía deriva da "Lectura" contemplada na estrutura dos "Seminarios" realizados ao longo do cuadrimestre.</p> <p>Igual que o resto de materiais, será disponibilizada unha listaxe para o conxunto da aula a través da plataforma Moodle.</p> |
| Seminario | <p>Ao longo dos "Seminarios" (grupos reducidos) será realizado o acompañamento dos labores propios da materia. Serán atendidas especificamente as seguintes cuestións:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Un TRABALLO TUTELADO, elaborado empregando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa", do cal deriva tamén a correspondente "Presentación oral". 2. Unha LECTURA, seleccionada dunha listaxe fornecida polo profesorado, e a súa correspondente RECENSIÓN BIBLIOGRÁFICA inividual, que terá que ser realizada de acordo cos modelos e cos parámetros proporcionados polo/a docente e que despois deberá ser disponibilizada para o conxunto do grupo a través de Moodle. 3. Cada alumno/a terá que presentar oralmente ao conxunto da turma os procesos e os resultados do "Traballo tutelado" realizado. Durante esa presentación oral, o alumnado deberá empregar os recursos tecnolóxicos precisos para o efecto e demostrar a asunción e a aplicación práctica dos contidos, das destrezas e das competencias abordados durante o curso. |
| Lecturas | Tarefa integraba nos traballos propios dos "Seminarios". |
| Obradoiro | <p>Durante as sesións aquí identificadas como "Obradoiros" (grupos medios), o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas "Sesións maxistrais", así como das destrezas e das estratexias relacionadas coa expresión oral e escrita que fan parte dos obxectivos da materia.</p> <p>Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varía tipoloxía e, sobre todo, estudos de casos.</p> |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado. |
| Estudo de casos | Esta metodoloxía intégrase no desenvolvemento tanto dos "Seminarios" como dos "Obradoiros". |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | <p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente -que non unicamente- para o apoio na realización do "Traballo tutelado". De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.</p> <p>Así mesmo, para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do traballo, ben no horario de atendimento ben a través do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.</p> |

Avaliación



| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------------------------|---|---|---------------|
| Proba mixta | A2 A4 A9 A19 | Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudados nas sesións maxistras. | 40 |
| Traballos tutelados | A10 A11 A15 A19 B3 B6 B7 B8 | Serán avaliadas a corrección lingüística, as estratexias e procedementos expositivos utilizados, a participación ao longo dos traballos realizados nos "Seminarios" destinados para o efecto, os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado". | 20 |
| Presentación oral | A4 A9 B4 C1 | Será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clarezza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos, o traballo en equipa e a utilidade da presentación para os propósitos da materia. | 10 |
| Recensión bibliográfica | A2 A9 A10 A11 A14 A19 B1 B5 B6 B9 C1 C6 | Será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clarezza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a xerarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo. | 10 |
| Estudo de casos | A2 A10 A11 A15 A19 B1 B3 B5 B7 B8 B10 | Será avaliada a participación e o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características. | 15 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6 | Valorarase a participación nestes eventos a través da realización de fichas que se entregarán ao profesorado. | 5 |

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos avaliábeis. No caso de non superala, a cualificación final será a nota do exame ponderada.

1.2. Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará en Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación.

1.3. Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

1.4. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente dispoñibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas e/ou a través de Moodle. O/a docente proporcionará, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

1.5. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

2. AVALIACIÓN DA 2.^a OPORTUNIDADE (xullo)

2.1. Na 2.^a oportunidade, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

2.2. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á 2.^a oportunidade (xullo). Para superaren a materia nesta oportunidade, os/as alumnos/as deberán aprobar (con 5 puntos sobre 10) aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia e que serán realizadas na data fixada pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, deberán ser realizadas satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas ou non presentadas na oportunidade anterior.

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

3.1. O alumnado que se presentar á convocatoria adiantada de decembro terá que contactar previamente cos docentes e, para superala, deberá realizar unha "Proba mixta" (5 puntos), unha "Presentación oral" (2 puntos) e uns "Traballos tutelados" (3 puntos) que lle foren encomendados.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)

4.1. Será considerado Non Presentado aquel alumnado que non se presentar á "Proba mixta" e que non presentar ningunha das actividades contempladas na avaliación.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

5.1. O estudantado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesorado. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

6. ALUMNADO DE SEGUNDA MATRÍCULA

6.1. O alumnado de segunda matrícula que non poida asistir á aulas deberá contactar co profesorado da materia e terá que realizar e entregar nos prazos concertados previamente polos docentes as mesmas probas e actividades que o restante. Así mesmo, haberá unha reunión no inicio de curso con este alumnado para pautar o desenvolvemento do curso.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega
- Cassany, D. (2008). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama
- Estrela, E. / J. D. Pinto-Correia (2001). Guia Essencial da Língua Portuguesa para a Comunicação Social. Lisboa. Editorial Notícias
- Estrela, E. / M. A. Soares / M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote
- Feixó Cid, Xosé (2004). Gramática da lingua galega. Vigo. Xerais
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo. A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais
- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abreira (1994). Manual de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia
- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiovento
- Hermida Gulías, Carme (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe) . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Hernández Guerrero, J. A. / M. C. García Tejera (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona. Ariel
- Koch, I. G. V. (2005). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez, 4ª ed.
- López Viñas, X. / Lourenzo Modia, C. / Moreda Leirada, M. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Bahía
- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudos de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia
- Ríos Noia, M. / M. L. Pita Rubido / R. J. Noguero Gómez / B. Brozos Mera (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña
- Rodrigues Fagim, V. (2001). O galego (im)posível. Santiago de Compostela. Laiovento
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua . A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo. Xerais
- Vilela, M. / I. Villaça Koch (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Livraria Almedina
- González Rei, B. (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova
- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais
- Comissom Lingüística da Associação Galega da Língua (2012). O modelo lexical galego. Santiago de Compostela: Através Editora
- RAG / ILG (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. A Coruña: RAG
- Regueira, X. L. (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
- Monteagudo Romero, H. (2017). Historia social da lingua galega. Vigo: Galaxia
- Sánchez Rei, X. M. / Marques, A. (2016). As ciéncias da linguagem no espaço galego-português: diversidade e convergência. A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
- Sánchez Rei, X. M. (ed.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía Edicións



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía complementaria | <p>- Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999). Las cosas del decir: manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel</p> <p>- Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</p> <p>- Flesch, R. / A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York: Harper Resource</p> <p>- Garrido, C. (2001). Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês&gt;Galego). Ourense: Associação Galega da Língua</p> <p>- Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2000). Da fala para a escrita. São Paulo: Cortez</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2001 [1986]). Análise da conversação. São Paulo: Ática</p> <p>- Plantin, Ch. (1998). La argumentación. Barcelona: Ariel</p> <p>- Reyes, G. (1998). Cómo escribir bien en español. Manual de redacción. Madrid: Arco Libros</p> <p>- Sánchez Rei, X. M. (2006). A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros. Santiago de Compostela: Liovento</p> <p>- Serrano Serrano, J. (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya</p> <p>- Studer, Jürg (2000 [1996]). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac</p> <p>- Vallejo-Nágera, J. A. (1990). Aprender a hablar en público hoy. Barcelona: Planeta</p> <p>- Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación. Barcelona: Ariel, 9ª ed</p> <p>- Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York: Collins</p> <p>Entregarase unha bibliografía complementaria e específica por temas.</p> <p>Adam, J. M. (1992): Lestextes: Types et prototypes(Paris: Nathan).</p> <p>Bordons, G. /J. M. Castellà / E. Costa (1998): TXTLalingüística textual aplicada al comentari de textos(Barcelona: Universitat de Barcelona).</p> <p>Calsamiglia Blancafort, H. / A.Tusón Valls (1999): Lascosas del decir: manual de análisis del discurso(= Ariel Lingüística) (Barcelona: Ariel).</p> <p>FernándezRei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008): Perspectivassobre a oralidade(Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).</p> <p>Flesch, R. /A. H. Lass (1996):The Classic Guide to Better Writing(New York: Harper Resource).</p> <p>Freixeiro Mato, X. R. (2006)[2003]: Gramática dalingua galega IV. Gramática do texto(Vigo: A Nosa Terra).</p> <p>FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002): Mecanismoslingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras(= Bibliotheca Philologica) (Madrid:Arco/Libros).</p> <p>FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007): Laargumentación lingüística y sus medios de expresión(Madrid: Arco Libros).</p> <p>Garrido, C. (2001): AspectosTeóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica(Inglês>Galego)(Ourense: Associação Galega da Língua).</p> <p>Kerbrat-Orecchioni,C. (2006): Análiseda conversação. Princípios e métodos.Trad. C. Piovezani Filho (São Paulo: Parábola).</p> <p>Koch, I G. V.(1992): Ainter-ação pela linguagem(São Paulo: Contexto).</p> <p>Koch, I. G. V.(1997): Ottexto e a construção dos sentidos(São Paulo: Contexto).</p> <p>Koch, I. G. V.(2004): Introduçãoà lingüística textual(São Paulo: Martins Fonte).</p> <p>Koch, I. G.V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007): Intertextualidade:Diálogos Possíveis(São Paulo: Cortez).</p> <p>Marcuschi, L.A. (1983): Lingüístico do texto: o que é e como se faz(Recife: Universidade Federal de Pernambuco).</p> <p>Marcuschi, L.A. (2000): Dafala para a escrita(São Paulo: Cortez).</p> <p>Marcuschi, L.A. (2001) [1986]: Análiseda conversação(São Paulo: Ática).</p> <p>Moreira, I. (2007):CorrespondênciaComercial (Lisboa:Edições Técnicas e Profissionais).</p> <p>Plantin, Ch. (1998): Laargumentación(Barcelona: Ariel).</p> <p>Reyes, G. (1998): Cómoescribir bien en español. Manual de redacción(Madrid: Arco Libros).</p> <p>Sánchez Rei, X. M. (2006): Alingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros(Santiago de Compostela: Liovento).</p> <p>Santiago Guervós, J. de (2005):Princípios de comunicación persuasiva (Madrid: Arco Libros).</p> <p>Serrano Serrano, J. (2002): Guíapráctica de redacción (Madrid: Anaya).</p> <p>Studer, Jürg (2000) [1996]: Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer (Madrid: El Drac).</p> <p>Vallejo-Nágera, J. A. (1990): Aprender a hablar en público hoy (Barcelona: Planeta).</p> <p>Weston, Anthony (2004). Lasclaves de la argumentación(Barcelona: Ariel, 9ª ed.).</p> <p>Zinsser, W.(2005): OnWriting Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction(New York: Collins).</p> |
|------------------------------------|---|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Galega 1/613G01002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



| |
|--------------|
| |
| Observacións |
| |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías